



**EXPTE. 5/2024 (EXPEDIENTE ELECTRÓNICO 2079/2024):
“SERVIZO DE CONTROL DE GATOS RUEIROS NO CONCELLO DE
SANXENXO.”**

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE E DO GASTO

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Incoado o expediente de contratación Nº 5/2024 (electrónico Nº 2079/2024) do “SERVIZO DE CONTROL DE GATOS RUEIROS NO CONCELLO DE SANXENXO”, por resolución desta alcaldía de data 15 de marzo de 2024.

Redactados os Pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, (en diante PPT e PCAP).

Emitido informe da Secretaría en data 15 de marzo de 2024 e pola Intervención o 15 de marzo de 2024, ambos en senso favorable á aprobación do expediente de contratación.

Á vista dos antecedentes expostos, e no uso das miñas atribucións, **esta alcaldía resolve:**

1º Aprobar o expediente para a contratación do “SERVIZO DE CONTROL DE GATOS RUEIROS NO CONCELLO DE SANXENXO”, mediante procedemento aberto simplificado regulado no artigo 159.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público e tramitación ordinaria.

O orzamento base de licitación (OBL), entendido como límite máximo do gasto que, en virtude do contrato e ao longo da duración do mesmo, compromete ao órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE), ascende a 58.080 euros.

O valor estimado (VE) do contrato, entendido como o importe que non inclúe o IVE, e referido ao contrato inicial e ás posibles prórrogas do mesmo ascende a 48.000€.

O OBL en termos anuais ascende a 14.520 euros.

A retribución do contratista (prezo do contrato), entendida como a cantidade en €, incluído o IVE, que se aboará ao contratista en función da prestación realmente executada e de conformidade co pactado, virá determinada polo criterio de adxudicación do contrato avaliable automaticamente denominado “OFERTA ECONÓMICA COSTE UNITARIO TRATAMENTO MACHO E OFERTA ECONÓMICA COSTE UNITARIO TRATAMENTO FEMIA”, que anualmente non poderá ser superior a 14.520 euros IVE engadido.





2º) Aprobar o PCAP que consta de 18 cláusulas e 3 anexos e o PPT de 11 cláusulas e un anexo.

3º) Continuar a tramitación sucesiva do expediente coa publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Sanxenxo a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

4º) Aprobar o gasto polo importe en termos anuais de 14.520 euros, na aplicación ozamentaria 17002 22706, do presuposto separado de gastos da Entidade Local e deberá reterse o crédito necesario e suficiente en cada exercicio contable do contrato. A adxudicación quedará sometida a condición suspensiva de existencia de crédito suficiente para garantir o cumprimento das obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

**En Sanxenxo (asinado electrónicamente)
O alcalde - Telmo Martín González
O secretario xeral - Ángel Luis López Pita**

